

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZANOVE DE FEBREIRO DE DOUS MIL DEZASEIS.

No Salón de sesións da Casa do concello de Valdoviño, ás vinte horas, do día dezanove de febreiro de dous mil dezaseis, reúnese en primeira convocatoria o Pleno do Concello, cos concelleiros/as que se expresan de seguido, ao obxecto de celebrar a sesión ordinaria do mes de febreiro; asistidos de min, Carlota González Navarro, secretaria xeral do Concello e da interventora dona Paula Campos Rodríguez.

Asistentes:

Partido dos Socialistas de Galicia – Partido Socialista Obreiro Español PSdeG-PSOE

ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ

ROSA ANA GARCÍA LÓPEZ

SERGIO SAAVEDRA GUTIÉRREZ

BENITO MANUEL VEGA FERNÁNDEZ

JESSICA SABIN FERNÁNDEZ

ALEJANDRO ANTONIO GARCIA SOUSA

Partido Popular- PP

JOSÉ ANTONIO VIGO LAGO

ESTEBAN GARCÍA ALONSO

JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ

MARIA CRISTINA FREIRE ANEIROS

Centristas de Valdoviño (CENVAL)

LUIS MANUEL BECEIRO RODRÍGUEZ

Unidos por Valdoviño

MANUEL JAVIER BACORELLE ROBLES

Bloque Nacionalista Galego (BNG)

CARLOS ALBERTO AMENEIROS SERANTES

Declárase polo Sr. Alcalde – Presidente aberta a sesión, e con arranxo á Orde do día trátanse os seguintes asuntos:

I) PARTE DISPOSITIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE BORRADOR DE ACTA DE SESIÓN 15.01.16 (ORDINARIA).

O Pleno en votación ordinaria e por unanimidade, prestou aprobación ao borrador citado.

2º.- EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN N° 1/2014 (RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES E APROBACIÓN DEFINITIVA).

Proposta de Alcaldía, que se ditaminou favorable na comisión informativa de Planificación Territorial e Xestión Administrativa en data 15.02.16:

“Vista la aprobación inicial del expediente de desafectación como camino público del antiguo tramo del vial municipal (Poulo a Chamorro) y afectación del actual tramo del vial que a tal efecto ha cedido la solicitante Doña Herminia Díaz Bouza que tuvo lugar en fecha de 19 de diciembre de 2014.

Vista la publicación efectuada en el BOP y tablón de anuncios del Concello durante el período de un mes para información pública, así como la notificación a los interesados.

A la vista de las alegaciones presentadas por Don Manuel Albes Aneiros, Doña María del Carmen Díaz Vigo y Don Francisco García Veiga en fecha de 19 de febrero de 2015 por las que manifiestan su oposición a la desafectación referida alegando distintos defectos de forma que provocarían su nulidad así como razones técnicas por falta de solución a los problemas de estancamiento y evacuación de aguas existente en dichos viales .

A la vista de los informes técnicos y jurídicos que obran en el expediente.

Esta alcaldía, en vista de las atribuciones conferidas por la legislación vigente propone al Pleno la adopción de los siguientes acuerdos:

PRIMERO – Desestimar las alegaciones presentadas por Don Manuel Albes Aneiros, Doña María del Carmen Díaz Vigo y Don Francisco García Veiga en cuanto a su oposición a la desafectación ,estimando las alegaciones relativas a la solución de los problemas existentes con las salidas de aguas y procediendo por tanto el Concello a ejecutar los trabajos necesarios para solucionar los problemas de estanqueidad referidos y localizados en el vial municipal.

SEGUNDO – Aprobar definitivamente la desafectación del tramo del vial indicado y afectación del cedido por Doña Herminia Díaz Bouza.

TERCERO – Reflejar en la rectificación anual del Libro Inventario de Bienes de la Corporación la alteración de la calificación jurídica que ha sufrido el bien inmueble, y solicitar al Registro de la Propiedad que proceda a dejar constancia de este cambio mediante los correspondientes asientos o anotaciones registrales necesarias.

CUARTO - Realizar el acto de recepción formal del bien inmueble que ha sido desafectado, de conformidad con el artículo 8.3 del Reglamento de Bienes de las Entidades Locales.

QUINTO- Notificar el presenta acuerdo a los interesados.

En Valdoviño, a 8 de febreiro de 2016
EL ALCALDE
ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ”

Intervén o Sr. Alcalde, dicindo que este expediente ven de antigo; que o concello procedeu á apertura dun vial e parte dos propietarios piden a desafectación dun tramo dun antigo camiño e que hai alegacións doutros vecinos. Que se tratou o asunto na comisión informativa e que debe resolverse. Próponse aceptar a desafectación definitiva de tramo de vial e desestimar en parte, as alegacións presentadas. Todo elo con actuación no ámbito da propiedade municipal, non da servidume, que sería un tema civil.

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade deu a súa aprobación a proposta de alcaldía transcrita.

3°.- APROBACIÓN DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. NÚM.1/2016.

Proposta de Alcaldía, ditaminada de xeito favorable favorable na comisión informativa de Planificación Territorial e Xestión Administrativa en data 15.02.16:

“En aplicación do artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario, que sinala que o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non fosen liquidadas naqueles aos que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación no caso de que non exista consignación Orzamentaria específica.

Tendo en conta ademais que, neste caso concreto, é posible a súa realización con cargo ás Bolsas de Vinculación xurídica que se sinalan a continuación, do vixente Orzamento Xeral da Corporación(PRORROGADO) para o exercicio 2016.

BOLSA VINCULACIÓN	Denominación	CREDITO DISPONIBLE	Importe REC 01/2016
3.2	Producción de bens públicos de carácter preferente. Gastos en bens correntes e de servizos		715.91
1.2	Recollida de lixo		22.071,28
	TOTAL		22.787,19 e

Visto e considerando o informe emitido pola Interventora Municipal de data 8 de febreiro de 2016,

Considerando que os gastos recollidos nas facturas e demais documentos acreditativos do gasto realizado que se conteñen no expediente corresponden a prestacións que foron efectivamente ordenadas pola Administración, foron executadas a satisfacción desta e os seus prezos se axustan ao pactado e ao mercado..

Atendendo ao exposto, propoño ao Pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos 01/2016 por importe de 22.787,19 euros, correspondentes a gastos de exercicios anteriores que se indican a continuación e figuran os seus respectivos soportes materiais no presente expediente:

1. Relación de facturas 1 /2016 por importe de 715,91 e euros, que comeza pola factura con nº rexistro 4895 por importe de 500 euros e remata pola nº 2086 de rexistro de ALVARO MURAS HERMIDA por importe de 124,99 euros.
2. Relación de Facturas nº 2 /2016 por importe de 22.071,28 e emitida por FCC contruccionen por recollida de lixo mes de diciembre .

SEGUNDO. Aplicar, con cargo ao orzamento do exercicio 2016, os correspondentes créditos: 22.787,19 €, imputándoos ás partidas correspondentes segundo o sinalado nos propios listados de facturas, nas que se realizará a correspondente retención.

Valdoviño a 10 de febreiro de 2016
ALCALDE,
ALBERTO GONZALEZ FERNANDEZ”

Explica o Sr. Alcalde, que coma se informou no seo da comisión informativa, precísase liquidar obrigas de exercizos anteriores, a través de recoñecemento extraxudicial de créditos, neste cun importe de 22.787,19 €.

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade acordou aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 1/2016, segundo proposta de Alcaldía.

4º.- PARTICIPACIÓN NO PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI 2016) DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.-

Proposta de Alcaldía, ditaminada de xeito favorable favorable na comisión informativa de Planificación Territorial e Xestión Administrativa en data 15.02.16:

“Vista a Circular recibida da Deputación Provincial, relativa ao Plan de aforro e investimento (PAI) 2016, pola que comunican a asignación ao concello de Valdoviño de 209.071,83 euros e Vistas as Bases reguladoras do dito Plan, esta Alcaldía, PROPÓN ao Pleno da Corporación a adopción do seguintes ACORDOS:

1º) Participar no “Plan de aforro e investimento (PAI) 2016” da Deputación Provincial da coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación do préstamo provincial asignado á seguinte finalidade:

A) Redución de endebedamento

ENTIDADE FINANCEIRA	Nº PRESTAMO	PRÉSTAMO PROVINCIAL APLICADO Á MINORACIÓN DE DÉBEDA
ABANCA	213-15.787-6	59.001,08
ABANCA	213-15.629-9	150.070,75
TOTAL		209.071,83

B) Investimentos financieramente sostibles

DENOMINACIÓN	Nº PRESTAMO	ACHEGA MUNICIPAL	PRESTAMO PROVINCIAL
TOTAL			

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos

C) Resumo da aplicación do préstamo provincial

	PRESTAMO PROVINCIAL
A) Redución de enbedamento	209.071,83
B) Investimentos financeiramente sostibles	
TOTAL	209.071,83

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2016 no que se inclúen as obras ou sumministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondente proxectos ou pregos de prescricións:

DENOMINACIÓN da obra ou sumministración	Orzamento
TOTAL	

3º) (So no caso de solicitar aplicar o préstamo a investimentos financeiramente sostibles)

Declarar que o Concello ten a disponibilidad dos terreos , augas e servidumes para a execución dos investimentos , e que ten resolto e relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4º) (So no caso de solicitar aplicar o préstamo a investimentos financeiramente sostibles cando exista achega municipal voluntaria).

Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2016 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2016 se a houbera.

5º) Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou sumministracións incluídas no Plan , que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para a minoración da débeda ou para o financiamento dos investimentos para os que se vai aplicar o préstamo provincial asignado e, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións achegárase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Non se solicitou nin percibiu ningunha subvención.

7º) Autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está o corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8º) Facúltase expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordó e o correspondente expediente.

Non obstante, o Pleno resolverá o que estime convinte.

Valdoviño, 8 de febreiro de 2016

O Alcalde,

Asdo.: Alberto González Fernández”

Explica o Sr. Alcalde que a Deputación aprobou un Plan de Aforro e Investimento (PAI 2016) destinando a este Concello 209.071,83 €, e que debido á situación do Concello (houbo que facer Plan financeiro), propónse destinar toda esta cantidade para reducir endebedamento, e con elo, outros cartos e intereses poden usarse para cubrir outras necesidades.

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou aprobar a Participación no PAI 2016, conforme á proposta de alcaldía.

5º.- INCORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, COMO SOCIO FUNDADOR, NA ASOCIACIÓN SEN ÁNIMO DE LUCRO, A CREAR PARA ELABORAR A ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO E CONCORRER AOS FONDOS EUROPEOS LEADER DE GALICIA 2014-2020.

Explica o Sr. Alcalde, que este asunto non foi á comisión, pero que convén tratalo canto antes, posto que nos piden resolución de incorporación de Valdoviño nunha Asociación para poder concorrer aos fondos europeos LEADER de Galicia 2014 – 2020, e para elo o primeiro paso é a aprobación polo Pleno.

As comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal van formar un só grupo, a nova Asociación ven a substituír ao que era a “Costa Noroeste”.

O Pleno en votación ordinaria e por unanimidade, rectificou a inclusión deste punto na Orde do día e do mesmo xeito acordou aprobar a proposta de Alcaldía, do seguinte contido literal:

“AO PLENO DA CORPORACIÓN

No Diario Oficial da Unión Europea, L 347, de 20 de decembro de 2013, publicáronse os novos Regulamentos dos Fondos Estructurais e de Inversión (FEI), que serán aplicables aos Estados Membros e Rexións da Unión Europea, para o período 2014-2020.

En España os FEI do período 2014-2020 serán catro: o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), o Fondo Social Europeo (FSE), o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) e o Fondo Europeo Marítimo y de Pesca (FEMP).

O Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo a axuda ao Desenvolvemento Rural, a través do FEADER, permite que os Estados Membros presenten un programa nacional e un conxunto de programas rexionais, garantindo a coherencia entre as estratexias nacionais e rexionais..

Tamén insta aos estados membros a establecer, a escala rexional, subprogramas para o desenvolvemento das zonas rurais, que teñan en conta o potencial endógeno e as necesidades locais dos territorios con características socioculturais comúns, fomentando a financiación e posta en marcha de Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo, xestionadas por Grupos de Acción Local (GAL) con enfoque LEADER.

Así, a Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural, acordou que o Programa Nacional de Desenvolvemento Rural (PNDR) de España, distribuíse fondos FEADER entre os Programas de Desenvolvemento Rural das Comunidades Autónomas, que finalmente chegarán a 8.297.388.821€.

A Galicia lle corresponden 889.800.000€, e vai destinar 84.000.000€ destes fondos ao LEADER de Galicia 2014-2020, distribuídos nun número aproximado de 24 GAL, que abarcarán tódolos concellos da nosa Comunidade Autónoma.

O Regulamento (UE) nº 1303/23 do Parlamento Europeo e do Consello sobre disposicións comúns e específicas dos Fondos, sinala, no seu artigo 34, que os GAL deben estar compostos por representantes locais públicos e privados, que deseñen unha estratexia local e a leven a cabo.

Do mesmo xeito, se incide no Regulamento (UE) nº 1305/2013, cando recalca a composición dos grupos de acción local como un grupo de socios públicos e privados

locais dun territorio, organizados entorno a unha asociación sen ánimo de lucro para levar a cabo a estratexia de desenvolvemento local participativa LEADER.

Faise preciso reseñar que este concello xa formou parte, do GAL Costa Ártabra que xestionou os fondos europeos do Programa de Desenvolvemento e Diversificación Económica de zonas rurais (PRODER II), no período 2002-2008.

No momento actual existen en Galicia 31 GAL, denominados Grupos de Desenvolvemento Rural.

O concello de Narón é socio fundador, do Grupo de Desenvolvemento Rural Costa Noroeste, GDR 31, que xestionou os fondos LEADER de Galicia 2007-2013.

Pero coñecemos que, para o período LEADER de Galicia 2014-2020, se reduce o número de grupos a vinte e catro, modificándose os actuais ámbitos territoriais, de xeito que os concellos das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal van configurar un só grupo.

Por elo, os doce concellos que conforman Costa Noroeste e os representantes das entidades privadas, acordaron na Xunta Directiva e na Asemblea do 8 de outubro de 2015 e reiteraron na XD do 10 de decembro de 2015, iniciar os trámites de constitución dunha nova entidade.

Todo elo co afán de dispoñer, canto antes, dunha entidade que se poida encargar de dinamizar a poboación e propiciar a elaboración da Estratexia de Desenvolvemento Participativa e poder concorrer a xestionar ditos fondos europeos, para o noso ámbito rural.

Así, dende o mes de xaneiro estanse producindo reunións, promovidas e respaldadas por os Concellos.

Concellos, que estamos exercendo o liderazgo que nos corresponde neste intre, para conformar un auténtico partenariado local, organizado entorno a unha Asociación sen ánimo de lucro, tal como esixe a UE e, posteriormente, deseñar entre todos a Estratexia de Desenvolvemento Participativo, que nos permitira dispor, xa neste ano, de fondos LEADER para o noso ámbito territorial.

Esa é, en definitiva, a razón de formar parte como socio fundador: participar, impulsar e liderar a gobernanza e o parteariado local.

Á vista do anterior, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- O Concello de Valdoviño, co CIF nº P-1508800-H, acorda integrarse como socio fundador, na Asociación sen ánimo de lucro, en trámite de constitución, cuxo fin será a elaboración da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo, e concorrer aos fondos europeos LEADER de Galicia 2014-2020.

SEGUNDO.- O Concello de Valdoviño desina formalmente a Don Alberto González Fernández, co DNI 32646716X, alcalde desta Corporación, como representante no acto constitutivo da nova asociación e como representante permanente deste Consistorio nesa entidade.

Valdoviño, 12 de febreiro do 2016.

O Alcalde,

Asdo: Alberto González Fernández”

II) CONTROL DA ACTIVIDADE DO PLENO

6º.- DAR CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA. RELACIÓN NÚM.1/2016.

001	04-01-16	Ordéase a suspensión de obras en Taraza- Meirás ao seu promotor.
002	05-01-16	Decreto resolución de expediente sancionador de tráfico. Importe: 160,00 euros.
003	08-01-16	Decreto resolución de expediente sancionador de tráfico. Importe: 200,00 euros.
004	08-01-16	Decreto resolución dun expediente de sancionador de tráfico. Importe: 200,00 euros.
005	12-01-16	Convocatoria sesión ordinaria do Pleno da Corporación do 15.01.16.
006	13-01-16	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de goberno local 14.01.16.
007	13-01-16	Resolución de inicio dun expte sancionador de tráfico. Importe: 200, 00 euros. Importe bonificado: 100,00 euros.
008	13-01-16	Concedenselle ao funcionario Oscar M. Freire Rodríguez os días 18, 19, 20,21 e 22 de xaneiro de 2016 coma de asuntos propios (correspondente a anualidade de 2015).
009	13-01-16	Condecenselle ao traballador Juan J. Pérez Fernández o día 18 de xaneiro de 2016 coma de asuntos propios (correspondente a anualidade de 2015).
010	15-01-16	De aprobación de expediente de xeración de créditos. Total: 473,92€.
011	18-01-16	Desestimase recurso de reposición interposto por interesado en expediente de tráfico 10651/2015.
012	19-01-16	Concédenselle á funcionaria Pilar Rivera Rdguez os días 21 de xaneiro e 18 de febreiro/2016, coma de asuntos propios, correspondentes a anualidade de 2015.
013	19-01-16	Convocatoria sesión extraordinaria de Xunta de goberno local do 20.01.16
014	20-01-16	Concédenselle ao funcionario José Ramón Bacorelle Robles, os días 25, 26,27, 28 e 29 de xaneiro de 2016 coma de asuntos propios, correspondentes á anualidade de 2015.
015	22-01-16	Aprobación de cotas - prezo público- por prestación do SAF dos meses de novembro e decembro de 2015, cun total de 11.760,88 euros.
016	22-01-16	Concédenselle ao funcionario Ramón Couce Blanco o día 26 de xaneiro de 2016 coma de asuntos propios (pertencentes o ano 2015).
017	25-01-16	Recoñecendo á funcionaria de Admón Local con habilitación estatal, Carlota González Navarro o nivel 28 de complemento de destino.
018	25-01-16	Concédenselle ao funcionario Fernando García Rochela os días 1, 2, 3 e 5 de febreiro de 2016 coma de asuntos propios.
019	26-01-16	Desestimatorio de recurso de reposición interposto por interesado en expediente 1250/2015, en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.
020	26-01-16	Solicitude, aprobación e posterior aceptación á Consellería de Presidencia, AAPP e Xustiza dunha subvención, na modalidade de concorrência non competitiva, para o proxecto denominado “Protección, conservación e potenciación do medio ambiente e dos seus espazos naturais”, por importe de: 25.568,87€.
021	27-01-16	Aprobanse as retribucións dos funcionarios de xaneiro de 2016, por un bruto de 52.576,72 euros; do persoal laboral por 4.087,34€ e as retribucións a percibir neste mes polos concelleiros por un total de 2.398,29 euros.
022	27-01-16	Aprobase a extinción do SAF á usuaria dona B.V.B. por traslado de expediente para outro concello.

023	27-01-16	Convocatoria sesión ordinaria Xunta goberno local de 28.01.16.
024	28-01-16	Denegado a conexión de servizo público de saneamento ao peticionario J.P.L. en Camiño da Vela - Meirás.
025	28-01-16	Denegado a conexión de servizo público de saneamento ao peticionario J.L.E.G. en Lavacerido – Meirás.
026	29-01-16	Resolución liquidación parte da débeda a nome de dona M.I.P., en concepto de cotas pendentes polo servizo de Axuda o fogar. Importe total: 643,28€.
027	29-01-16	Concedeselle ao funcionario Ramón Couce Blanco o día 1 de febreiro de 2016, coma de asuntos propios (pertencentes o ano 2015).
028	29-01-16	Resolvese a suspensión temporal de servizo de axuda no fogar polo sistema de dependencia a dona M.G. D.; a vista do escrito presentado pola usuaria.
029	01-02-16	Anulado.
030	02-02-16	Resólvese a suspensión temporal servizo de axuda no fogar polo sistema de libre concurrencia a dona A. N. S; vista a concesión de estancia temporal en residencia.
031	02-02-16	Apróbase a solicitude da tarxeta de armas do peticionario N.F.F., concedendo licenza para un arma tipo carabina de aire comprimido, marca Hatsan, modelo BT 65 SB elite, cal.5, 5.
032	02-02-16	Apróbase a solicitude da tarxeta de armas do peticionario N.F.F., concedendo licenza para un arma tipo carabina de aire comprimido, marca Gamo, modelo Hunter 440, cal.4, 5.
033	03-02-16	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de goberno local do 04.02.16.
034	03-02-16	Concédenselle ao traballador Daniel Cartelle Sánchez, o día 8 de febreiro de 2016 coma de asuntos particulares.
035	03-02-16	Concédenselle a funcionaria Rita González Díaz, o día 10 de febreiro de 2016 coma de asuntos propios, correspondentes a anualidade de 2015.
036	02-02-16	Concédenselle o funcionario Carlos Abeledo González o día 8 de febreiro de 2016 coma de asuntos propios, correspondentes a anualidade de 2015. Petición anulada en posterior solicitude do día 05.02.16 rexistro de entrada 367 polo propio funcionario.
037	03-02-16	Resolución de denegación da solicitude presentada por A.G.F. acerca da execución da conexión ao servizo público da rede de auga no lugar c/ Imeldo Corral.
038	03-02-16	Resolución de denegación da solicitude presentada por R.C.P. acerca da execución da conexión ao servizo público de rede de sumidoiros no lugar de Taraza- Chousa s/n 23, Meirás.
039	04-02-16	Concédenselle a funcionaria María del Carmen Lamas Rodríguez os días 8 e 10 de febreiro de 2016 coma de asuntos propios, correspondentes a anualidade de 2015.
040	05-02-16	Resolución de inicio dun expte sancionador de tráfico. Importe: 200€. Importe bonificado: 100€.
041	05-02-16	Aprobación gasto e autorización pago ao proveedor Dinahosting, S.L. por importe de 13,78€.
042	05-02-16	Concédenselle o funcionario Antonio Vilasánchez Hermida o día 17 de febreiro de 2016 coma de asuntos propios, correspondentes a anualidade de 2015.
043	04-02-16	Concédenselle o funcionario Óscar Manuel Freire Rodríguez os días 8, 10, 11 e 12 de febreiro de 2016 coma de asuntos propios, correspondentes a anualidade de 2015.
044	05-02-16	Apróbase a extinción do SAF á usuaria R.P.R. tralo seu falecemento.
045	06-02-16	Solicitude e concesión dunha tarxeta de estacionamento para personas con

		minusvalía a nome de E.G.T.
046	08-02-16	Aprobación de 17 expedientes de concesión de licencia de obra menor.
047	10-02-16	Convocatoria sesión extraordinaria da Xunta do goberno local con fecha 12.02.16.
048	10-02-16	Concédenselle o funcionario Ramón Bacorelle Robles os días 15,16 e 17 de febreiro coma de asuntos propios, correspondentes a anualidade de 2015.
049	11-02-16	Solicitud e concesión dunha tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía a peticionaria C.R.F.

O voceiro do grupo do PP, Sr. Vigo Lago, interésase polo contido dos decretos nº 01, 20, 24, 25; que lle son explicados pola Alcaldía – Presidencia.

O Pleno da Corporación tomou razón dos decretos contidos na relación 1/2016.

7º.- DAR CONTA DE ASUNTOS DE ÁREA DE INTERVENCIÓN:

.-INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGAMENTO DAS OBRIGAS DO CONCELLO, 4º TRIMESTRE DO 2015.

.- DAR CONTA DE PRAZO MEDIO DE PAGO 4º TRIMESTRE.

.- DAR CONTA DE EXECUCIÓN PRESUPOSTARIA, 4º TRIMESTRE.

Explica a Sra. Interventora que se da conta dun informe de Tesourería sobre os prazos no pagamento das obrigas do Concello do último trimestre de 2015, no que nos pasamos uns 18 días.

Dáse conta de informe sobre prazo medio de pago 4º trimestre, tamén referido á morosidade e que está relacionado co anterior.

E d´se conta de informe de execución presupostaria do 4º trimestre de 2015, que supón un acercamento máis próximo á liquidación. Supón un dato fundamental, de si se pode ou non cumprir coa estabilidade.

De todo elo deuse conta na comisión informativa, con copias aos grupos municipais.

8º.- DAR CONTA DA SENTENZA P.O. 102/2013.-“MOTRIZ ESTRUCTURAS, S.L.”.

Sra. Secretaria- Chegou sentenza da obra da depuradora do Porto do Cabo, que confirma unha 1ª sentenza e desestimase o recurso de Concello, que terá que pagar o importe da Certificación da obra mailo importe da obra complementaria.

Sr. Ameneiros Serantes.- Para tomar decisións o Concello debería ter un bo asesoramento xurídico e actuar en base a informes xurídicos e técnicos e non deixar transcurrir o tempo, senón resolver.

Sr. Alcalde.- Explica que haberá que pagar as obras e os intereses de demora. Unhas obras que corresponden ao Fondo Estatal da época socialista do Sr. Rodríguez Zapatero, e executáronse con cambio no proxecto, unha modificación significativa, e cun reformado que se comezou a tramitar, pero sen chegar a aprobarse.

A elo engádesse o problema de conexión dos veciños, polo que o Concello recibe sancións polos verquidos.

Estamos intentando poñer en funcionamento a obra e o vindeiro luns faranse probas, a obra está inacabada e haberá que implementar cartos.

Sr. Ameneiros.- O problema non está tanto nos 20.000 euros de intereses, senón nos 120.000 euros que haberá que devolver.

Sr. Vigo Lago.- Na miña lexislatura non paguei a obra, porque non cumpría. E se intentou non ter que devolver os cartos.

Sr. Ameneiros.- Eu tampouco a pagaría, como fixo vostede, e actuaría con respaldo xurídico. O problema foi a falta de inacción posterior.

Sra. Secretaria.- Había outro secretario, pero sei que o problema foi técnico; saber se a depuradora podería ir subterránea ou non.

Sr. Rodríguez.- A depuradora está mal ubicada, debería ir subterránea, e alí non pode ir así.

Sr. Alcalde.- Hai responsabilidade técnica, pero tamén está a responsabilidade política.

Sr. Bacorelle.- Únicamente quero aclarar que o proxecto se remitiu a Augas de Galicia (o modificado) para autorización antes de entrar eu no Grupo de Goberno.

Sr. Alcalde.- Outra devolución que ten que afrontar o Concello é a relativa tamén ao Plan Estatal, de carácter social, de 115.000 euros. Xa reclamaran a devolución, fixérase unha alegación pero hai que devolverlos.

Estes cartos non foron xustificados e non sabemos a que se destinaron, non se atopa ningún expediente e en servizos sociais non coñecen deste asunto.

De seguido os grupos entran nun debate sobre estes expedientes (de obras e servizos sociais), cun cruce de acusacións en canto a responsabilidades.

Finalmente o Alcalde expresa que estes problemas supoñen unha mengua da capacidade de inversión e de actuación ao Concello, e anuncia que se está facendo en intervención a liquidación e que confeccionará o orzamento.

9º.- DAR CONTA DO ESTADO DA TRAMITACIÓN DO PLAN XERAL.

Indica o Sr. Alcalde, que sempre foi vontade dalgúns grupos, entre eles do PSOE, fomentar a participación dos veciños/as na elaboración do Planeamento Xeral, e considerar urxente o remate deste Planeamento; porque este Concello vai sufrir a normativa da Xunta, que vai impedir poder facer un Plan axeitado como queremos.

Que por isto, vaise abrir polo Grupo do Goberno un proceso, un primeiro paso para opinións da xente, non para alegacións, senón para propoñer, para dar ideas. Perante os días 26, 27 e 28 deste mes está previsto que o equipo redactor do Plan explique o documento técnico e que os veciños, por prazo aproximado dun mes, dean as súas opinións.

Recollidas as suxestións, o equipo redactor elaborará informe, que xunto co documento do Plan presentárase á Xunta de Galicia. Elaborarase a documentación da aprobación inicial do que falaremos nas comisións informativas.

O concelleiro do BNG, Sr. Serantes manifesta que é lóxico que a xente opine.

10º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, quen informa:

- .- De que mantivo reunión coa Conselleira de Servizos Sociais, (Servizo prioritario para o Grupo de goberno xunto con Cultura e Deportes), na que se abordou a ubicación dun espazo neste Concello para as persoas maiores, poñendolles a disposición locais municipais coma o do mercado, que quedou libre, polo que podería actuarse sobre ese elemento para usanza polos veciños.

Resalta a boa disposición da Xunta, que se amosou a favor de potenciar os servizos socio-comunitarios.

- .- De que respecto ao edificio da antiga Cámara Agraria, parten do seu destino a uso agrícola. Van facer consulta á área de economía. Se lles plantexou a posibilidade de permuta, pero é un asunto complexo.
- .- Destaca que o concello de Valdoviño ven implementando de forma importante a atención en servizos sociais e segue nesta línea, así houbo convocatoria de selección de personal e bolsa de emprego para recuperación dos postos de Traballadora Social e Educadora Social.
- .- De que tivo xuntanza coa Dirección Xeral de Conservación da Natureza, na que se tratou sobre as praias, os problemas derivados do Plan Natura, da

necesidade de aumentar servizos, e de cambiar a ubicación de casetas como no Baleo.

O Grupo de goberno fixo unha proposta de protocolo de actuacións nas zonas protexidas e recibíuse a autorización xenérica, polo que se comezará o vindeiro luns coas actuacións, en primeiro lugar limpando os aledáños do camping municipal (entre o paseo de madeira e de pedra); debendo estar en contacto cos axentes do Servizo de Conservación da Xunta.

O Sr. Bacorelle Robles pide ver a autorización mencionada polo Sr. González.

Engade o Sr. Vega Fernández que na autorización comunican o xeito de realizar as actuacións, con indicación das zonas e das plantas que están protexidas.

- .- O Sr. Alcalde informa de que falon do tema da Lagoa e que se manterá xuntanza, porque convén valorar conxuntamente as actuacións nesta zona, por todas as Administracións (Xunta, Concello, Costas).

Apunta o Sr. Ameneiros que o problema da Lagoa é sobor de todo urbanístico e o Sr. Alcalde di que a Xunta opina que o problema non é urbanístico, senón que hai que actuar nesa zona.

.- Informa o Sr. Alcalde de que polos problemas dos temporais piduíse axuda á Deputación e a Deputación á Xunta.

- .- Por último informa de colocación de potabilizadora de auga na escola de Villarrube (como demandaba a Xunta), que se ubicou na parte de abaixo do edificio.

INTERVENCIÓN DO GRUPO DO BNG.- SR. AMENEIROS SERANTES.-

- .-Reitera petición feita noutras sesións de que se fraccione o pagamento dos impostos, adecuadamente e que se establezan bonificacións para persoas con poucos recursos.
- .- Itera a petición de limpeza do río, preto das vivendas sociais.
- .-Solicita se remita escrito ao SERGAS, instando se reduzan os prazos de espera nas citas médicas do Centro de Saúde e se pida que haxa polo menos unha consulta médica en horario de tarde.
- .- Pide apoio da declaración institucional en relación ao Pobo Saharaiu (40 aniversario o 27-02-16 da proclamación da República Araba Saharai Democrática).

INTERVENCIÓN GRUPO UNIDOS POR VALDOVIÑO.- SR. BACORELLE ROBLES.-

Intervén o Sr. Alcalde comunicándolle ao Concelleiro deste grupo que sobre a pregunta que fixo na pasada sesión plenaria sobre posible problema no chiringuito da praia ou no establecemento da Saíña se comprobou, e non se atopou ningún escrito no rexistro municipal.

Sr. Bacorelle.

- .- ¿En cantas áreas se divide a organización do Concello?

Sr. Alcalde.- En tres.

Sr. Bacorelle.

- .- Pregunto cantas comisións houbo de Cultura e Servizos Sociais e cantas houbo de obras e servizos, porque na lexislatura pasada nos decíades que non facíamos comisións (cando se facían moitas máis que agora), así que non estades sendo transparentes nen participativos como decides.

O Sr. Alcalde xustifica que é debido en parte á situación económica (menos gastos por asistencia á sesións) e porque se está a englobar asuntos.

Opina o Sr. Ameneiros que isto se solucionaba coa súa proposta de composición das comisións: un voceiro de cada grupo e voto ponderado.

Sr. Bacorelle.-

- .- ¿A canto ascendeu o gasto da Cabalgata de Reis?

Sra. García López.- A uns 2.000€.

- .- ¿Qué se tramitou sobor do camping municipal?

Sr. Saavedra Gutiérrez.- Estamos coa elaboración dos pregos.

- .- ¿Hai algunha novidade respecto ao edificio “O Siroco”?

Sr. Alcalde.- Ningunha nova.

- .- ¿Hai algunha novidade do asunto da auga do camping?

Sr. Alcalde.- Non.

- .- ¿Qué se vai facer co local do mercado?.

Sr. Alcalde.- Destinarase a fins sociais. Está moi ben situado pola proximidade ao Centro de Saúde e a Casa da Cultura.

- .-¿ Súbóse algo máis do tema da embarcación por parte da náutica de Cedeira?.

Sr. García Sousa.- Insisten en que o motor o roubaron, e estamos valorando poñer demanda.

- .- ¿Hai algo máis do tema no que o concello está persoado? (denuncia de concelleiro contra grupo).

Sr. Alcalde.- Non.

INTERVENCIÓN GRUPO CENVAL.- SR. BECEIRO RODRÍGUEZ

- .- ¿Cómo está a obra do Cameleiro?
Sr. Alcalde.- Soio falta poñer o contador.
- .- ¿ En qué fase de tramitación está o expediente de contratación da limpeza de edificios municipais?
Sr. Alcalde.- Necesitamos nomear un comité de expertos para valoración das ofertas.
- .- ¿Estase a facer o informe polas desfeitas dos temporais?
Sr. Alcalde.- Sí, e dicir que o outro día decidimos cortar o acceso ao faro da Frouxeira, por precaución, ante a alerta metereolóxica.

INTERVENCIÓN GRUPO PARTIDO POPULAR.- SR. VIGO LAGO.

- .- O repetidor de O Coval estaba averiado e causou problemas a veciños. ¿Solucionouse?
Sr. Vega Fernández.- Falei cos interesados do lugar do Coval e falei coa Xunta, debe de estar solucionado.
- .- Estaba en elaboración proxecto para o amaño da estrada de Loira. ¿Fíxose?
Sr. Alcalde.- Esperaremos, porque o enxeñeiro que estaba a facelo, atopase de baixa médica.
- .- En canto á obra do Cameleiro houbo e hai moitos problemas con Fenosa e dada esta situación, ¿habería posibilidade de sacar a concurso o subministro eléctrico?
Sr. Alcalde.- Precisamente estamos traballando para acadar un aforro e eficiencia enerxética.
- .-¿Dixitalizaronse os arquivos municipais?
Sr. Alcalde.- Non hai dispoñibilidade económica. Pediuse apoio administrativo á Deputación. Estamos tamén intentando recopilar documentación que está un tanto desperdigada.
- .-¿ Fíxose previsión para realización de actividades de verán?
Sr. Saavedra.- Sí, estamos a traballar no ámbito deportivo.
Sr. Alcalde.- E para elo pedimos subvencións.
- .- ¿Continuouse co expediente de numeración de vivendas?
Sr. Alcalde.- Imos retomalo.
- .- Tiña preguntas por escrito.

Transcríbese o escrito do grupo PP de 15-02-16 (entrada 482), co que acompaña cartografía catastral).

“En relación con las obras ilegales de cierre de la finca referenciada en el escrito anexo a éste.

1º.- ¿Qué actuaciones se han realizado para que el propietario retire la parte que corresponde a la obra ejecutada en zona cedida (Zona pública)?

2º.- ¿Se han impuesto multas coercitivas en caso de no proceder a la demolición de las mismas?

Valdoviño a trece de febrero de dos mil dieciséis.

Fdo. José A. Vigo Lago

Sr. Alcalde-Presidente de la Corporación Municipal del Ayuntamiento de Valdoviño”

Sr. Alcalde.- Con este tema hai dous procesos xudiciais contra o concello, e namentras non imos facer nada.

.- Sr. Rodríguez Fernández.-

¿Cando se vai a pagar ás asociacións polas actividades?

Sra. Interventora.- Estanse pagando.

.- Sr. García Alonso.- Solicito se me remita o protocolo de actuacións da limpeza do que informastedes aquí.

Sen máis asuntos que tratar, cando eran as dez horas ten remate a sesión, que levanta o Sr. Alcalde, e da que se estende esta acta, que como Secretaria, CERTIFICO.

O Alcalde,

A Secretaria,